

**Proceso selectivo para o ingreso como persoal  
laboral fixo do persoal da Corporación de Servizos  
Audiovisuais de Galicia pola quenda de acceso libre.**

**Categoría: Operador/a Montador/a de vídeo**

**Primeiro exercicio**

**Opción: Galego**

|                                                        |
|--------------------------------------------------------|
| <b>NON abra o exame ata que o tribunal llo indique</b> |
|--------------------------------------------------------|



**1.- Segundo o artigo 14 da Constitución Española de 1978:**

- a) Os españois son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- b) Todas as persoas son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Todas as persoas son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, idade, relixión, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) Os residentes en España son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, idade, relixión, estado civil ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

**2.- O artigo 17.4 da Constitución Española de 1978 establece que a lei regulará un procedemento de "habeas corpus" para:**

- a) Determinar o prazo máximo de duración da prisión provisional.
- b) Producir a inmediata posta a disposición xudicial de toda persoa detida legalmente.
- c) Producir a inmediata posta a disposición xudicial de toda persoa detida ilegalmente.
- d) Informar ao detido de forma inmediata e de xeito que lle sexa comprensible, dos seus dereitos e das razóns da súa detención.

**3.- Segundo o artigo 27 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de:**

- a) A promoción e a ensinanza de todas as linguas oficiais do Estado.
- b) A promoción e a ensinanza da lingua galega.
- c) A pesca nas rías e augas exteriores.
- d) Portos, aeroportos e heliportos cualificados de interese xeral polo Estado.

**4.- No artigo 34 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, establécese que no marco das normas básicas do Estado, corresponde á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución:**

- a) Sobre produtos farmacéuticos.
- b) Dos valores culturais do pobo galego.
- c) Sobre propiedade industrial e intelectual.
- d) Do réxime de prensa e, en xeral, de todos os medios de comunicación social.

**5.- Segundo o artigo 6 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, calquera comportamento verbal, non verbal ou físico de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo, defínese como:**

- a) Abuso sexual.
- b) Acoso sexual.
- c) Acoso por razón de sexo.
- d) Abuso por razón de sexo.

**6.- Segundo o artigo 31 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, relativo ao uso non sexista da linguaxe, a visibilización do feminino terá en conta, cando proceda, a situación particular das mulleres afectadas por:**

- a) Discriminación múltiple ou intersectorial.
- b) Discriminación sexista polo exercicio dos dereitos de conciliación.
- c) Discriminación sexista por asociación.
- d) Discriminación sexista por maternidade.

**7.- Segundo o artigo 1.1 da Lei 13/2022, de 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, esta lei ten por obxecto:**

- a) Regular a comunicación audiovisual de ámbito estatal, autonómico, local e provincial. Porén a súa regulación non aplicará á prestación do servizo de intercambio de vídeos a través de plataforma.
- b) Regular a comunicación audiovisual de ámbito estatal. Porén a súa regulación non aplicará á prestación do servizo de intercambio de vídeos a través de plataforma.
- c) Regular a prestación do servizo de intercambio de vídeos a través de plataforma pero non a comunicación audiovisual de ámbito estatal.
- d) Regular a comunicación audiovisual de ámbito estatal, así como establecer determinadas normas aplicables á prestación do servizo de intercambio de vídeos a través de plataforma.

**8.- Segundo o artigo 8 da Lei 13/2022, de 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, a comunicación audiovisual:**

- a) Promoverá o coñecemento e a difusión da lingua oficial do Estado e das linguas oficiais das Comunidades Autónomas e das súas expresións culturais, contribuíndo ao reflexo da diversidade cultural e lingüística.
- b) Promoverá principalmente o coñecemento e a difusión da lingua oficial do Estado, contribuíndo ao reflexo da diversidade cultural e lingüística.
- c) Promoverá principalmente o coñecemento e a difusión da lingua oficial do Estado e de forma subsidiaria o coñecemento das linguas oficiais das Comunidades Autónomas.
- d) Promoverá o coñecemento e a difusión da lingua oficial do Estado, do idioma inglés e tamén das linguas oficiais das Comunidades Autónomas e das súas expresións culturais, contribuíndo ao reflexo da diversidade cultural e lingüística.

**9.- Segundo o artigo 19 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, a aprobación e as modificacións dos estatutos sociais da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia correspóndelle:**

- a) Ao consello de administración, logo de acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia.
- b) Á xunta xeral da sociedade, logo de acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia.
- c) Á dirección xeral, logo de acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia.
- d) Ao comité de dirección, logo de acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia.

**10.- Segundo o artigo 48 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, o mandato estratéxico da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia é aprobado:**

- a) Polo Consello da Xunta de Galicia.
- b) Pola dirección xeral.
- c) Polo consello de administración.
- d) Polo Parlamento de Galicia.

**11.- Segundo o artigo 53 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a indemnización por extinción do contrato de traballo por causas obxectivas é de:**

- a) Vinte días por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e cun máximo de seis mensualidades.
- b) Vinte días por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e cun máximo de doce mensualidades.
- c) Trinta e tres días por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e cun máximo de doce mensualidades.
- d) Doce días por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e cun máximo de seis mensualidades.

**12.- Segundo o artigo 66 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, cal é o número de membros do comité de empresa dun centro de traballo con duascenas persoas traballadoras?:**

- a) 5
- b) 7
- c) 9
- d) 13

**13.- Segundo o artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a duración do mandato dos delegados de persoal e dos membros do comité de empresa é de:**

- a) 2 anos.
- b) 3 anos.
- c) 4 anos.
- d) 5 anos.

**14.- Segundo o artigo 15 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, cal dos seguintes NON é un principio da acción preventiva?:**

- a) Avaliar os riscos que non se poidan evitar.
- b) Combater os riscos na súa orixe.
- c) Ter en conta a evolución da técnica.
- d) Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.

**15.- Segundo o artigo 28 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, nas relacións de traballo a través de Empresas de Traballo Temporal, quen é a empresa responsable das condicións de execución do traballo en todo o relacionado coa protección da seguridade e saúde das persoas traballadoras?**

- a) A empresa usuaria.
- b) A empresa de traballo temporal.
- c) O Comité de Empresa da empresa de traballo temporal.
- d) O Comité de Empresa da empresa usuaria.

**16.- Segundo o artigo 11 do Convenio Colectivo da CSAG, cal das seguintes NON é unha función da comisión paritaria de vixilancia e interpretación do convenio colectivo?:**

- a) Negociar novos artigos do convenio colectivo que non estean previstos no texto vixente.
- b) Interpretar o convenio, co fin de resolver as consultas que ás partes lle formule o Comité de empresa, a Dirección ou calquera persoa traballadora.
- c) Vixiar a aplicación do convenio colectivo.
- d) Mediar nos conflitos individuais ou colectivos entre as partes cando o pida calquera dos/as interesados/as no conflito en materias propias da comisión paritaria.

**17.- Segundo o artigo 66 do Convenio Colectivo da CSAG, o complemento de quebra de moeda retribúe:**

- a) Ao persoal que preste os seus servizos no departamento económico e de contabilidade.
- b) Ao persoal que pola súa función manexe habitualmente fondos en metálico da CSAG.
- c) Ao persoal que pola súa función traballe en festivos e/ou en días de libranza.
- d) Ao persoal que pola súa función conduza vehículos da empresa.

**18.- Segundo o artigo 95 do Convenio Colectivo da CSAG, referente ao réxime disciplinario, as faltas graves cometidas polas persoas traballadoras prescriben aos:**

- a) 20 días hábiles.
- b) 20 días naturais.
- c) 30 días naturais.
- d) 30 días hábiles.



**19.- Que se entende por liña balanceada nunha conexión de audio?**

- a) Liña con dous condutores e malla, deseñada para reducir ruído e interferencias.
- b) Liña con tres condutores que leva sempre o mesmo nivel de volume.
- c) Liña que alimenta simultaneamente dous altosfalantes mantendo o balance de niveis entre eles.
- d) Liña cun condutor e malla, deseñada para reducir ruído e interferencias.

**20.- Que é un espazo de cor?**

- a) Un escenario pensado para que unha cámara capte, da forma máis precisa, unha determinada cor.
- b) O predominio dunha determinada cor nunha toma de vídeo.
- c) O rango de cores que pode emitir un foco LED.
- d) O conxunto de cores representables con base nunha serie de parámetros numéricos.

**21.- Que operación realiza o balance de brancos nunha cámara de vídeo?**

- a) Axusta a velocidade de obturación e a apertura do diafragma para que o branco se vexa neutro.
- b) Compensa a temperatura de cor da luz para que o branco se vexa neutro.
- c) Reduce o ruído dixital da imaxe para que o branco se vexa neutro.
- d) Mellora o contraste da escena en posproducción para que o branco se vexa neutro.

**22.- En colorimetría básica aplicada ao vídeo, unha luz de 5.600K considérase:**

- a) Luz moi cálida, moi vermella.
- b) Luz día.
- c) Luz moi fría, moi azul.
- d) Luz tungsteno.

**23.- Que ocorre cando nun sistema RAID 5 (*Redundant Array of Independent Disks*) se dana un dos discos?**

- a) Pérdese toda a información, xa que non é posible recuperar os datos perdidos.
- b) O sistema segue funcionando sen problema, á mesma velocidade, e non cómpre substituír o disco danado nin aumenta o risco de perda de datos.
- c) O sistema segue funcionando e é necesario substituír o disco danado.
- d) Cómpre restaurar todo o sistema e perderanse todos os datos gardados.

**24.- Cantos bytes compoñen un Megabyte?**

- a) 1024
- b) 1048576
- c) 1000
- d) 512

**25.- A que se refiren as siglas UTP?**

- a) A un tipo de monitor ultrapanorámico.
- b) A un cable de pares trenzados sen apantallar.
- c) A un protocolo para streaming de audio dixital.
- d) A un protocolo de transmisión de vídeo.

**26.- Que ocorre coa memoria RAM dun ordenador cando este se apaga?**

- a) Cárgase nela o inicio do sistema para axilizar o seguinte arranque do equipo.
- b) Mantéñense os datos existentes na memoria ata o seguinte arranque.
- c) Cárgase nela o programa da BIOS do ordenador.
- d) Bórrase completamente, xa que se trata dunha memoria volátil.

**27.- En codificación de vídeo, cal é o rango numérico de valores de canle (R, G, B) cando se traballa en 10 bits por canle de cor para o chamado rango legal para televisión?**

- a) 0–1023
- b) 16–235
- c) 64–940
- d) 128–896

**28.- En codificación de vídeo, cal é o rango numérico de valores por canle (R, G, B) para o chamado rango estendido en codificación de 8 bits?**

- a) 0–255
- b) 6–235
- c) 0–512
- d) 1–256

**29.- Cando nunha especificación de sinal de vídeo dixital se indica 1080i50, que describe esta notación?**

- a) 1080 liñas progresivas a 50 imaxes completas por segundo a partir de 50 campos.
- b) 1080 liñas entrelazadas, 25 imaxes completas por segundo a partir de 50 campos.
- c) 1080 píxeles horizontais e 50 liñas verticais a 50 imaxes completas por segundo.
- d) 1080 liñas entrelazadas, 50 imaxes completas por segundo a partir de 50 campos.

**30.- O sistema de codificación de vídeo para as emisións de televisión dixital terrestre de ultra alta definición é conforme coa norma internacional de telecomunicacións da:**

- a) UIT-T H.264
- b) ITU-R BS.1196-7
- c) H.264/MPEG-4 AVC
- d) UIT-T H.265

**31.- O sinal de vídeo para as emisións de televisión dixital terrestre de alta definición terá unha resolución vertical igual ou superior a:**

- a) 720 liñas activas cunha relación de aspecto de 16:10.
- b) 1080 liñas activas cunha relación de aspecto de 16:9.
- c) 720 liñas activas cunha relación de aspecto de 16:9.
- d) 1080 liñas activas cunha relación de aspecto de 16:10.

**32.- Cal é a función principal dun desembebedor de audio nun sistema audiovisual profesional?**

- a) Extraer o sinal de audio dun sinal de vídeo e convertelo nunha saída independente, mentres permite o paso do sinal de vídeo.
- b) Comprimir múltiples canles de audio nun único fluxo para embebelas nun sinal de vídeo, reducindo o largo de banda necesario para a transmisión audiovisual.
- c) Descodificar formatos de audio comprimidos (como MP3 ou AAC) en arquivos de audio separados, dividindo un arquivo de audio nos seus compoñentes tonais e de ruído.
- d) Mesturar e equilibrar automaticamente múltiples sinais de audio de diferentes fontes (micrófonos, instrumentos) para optimizar a calidade sonora.

**33.- Cal é a frecuencia de mostraxe de audio máis habitual en contornos de vídeo profesional?**

- a) 52 kHz
- b) 48 kHz
- c) 48 mHz
- d) 44,1 kHz

**34.- En que consiste a compresión de vídeo interframe?**

- a) En comprimir cada fotograma individualmente.
- b) En comprimir sempre sen perda analizando fotograma a fotograma o vídeo.
- c) En comprimir a partir do procesamento de grupos de imaxes.
- d) En comprimir só unha parte dos fotogramas ata acadar o tamaño desexado.

**35.- Cando se quere enviar o mesmo sinal de vídeo a varios monitores en lugares diferentes dun estudio de televisión, por que non abonda con cortar o cable e derivar directamente o sinal?**

- a) Porque a tensión de alimentación da cámara diminuíra facendo que esta teña problemas para funcionar.
- b) Porque se altera a impedancia da liña e pode deixar de funcionar correctamente o sistema.
- c) Porque os conectores BNC non admiten derivacións de ningún tipo.
- d) Porque a cámara deixa de xerar correctamente o sinal e produciríase un corte na transmisión.

**36.- Sobre que dá información un vectorscopio?**

- a) Só sobre o ton dominante.
- b) Só sobre a saturación.
- c) Sobre o nivel de luminancia.
- d) Sobre o ton dominante e a saturación.

**37.- Cal das seguintes afirmacións sobre os vúmetros e picómetros (PPM) integrados nalgunhas mesas de mesturas é certa?**

- a) Son elementos meramente informativos que non teñen utilidade práctica.
- b) Só se usan en sistemas analóxicos e están en desuso nas actuais mesas de mesturas dixitais.
- c) Forman parte dos instrumentos de medida que permiten controlar o nivel dos sinais.
- d) Substitúen completamente a escoita en monitores de referencia, xa que nos dan toda a información precisa sobre o sinal.

**38.- Para que serve un panel de conexións (*patch panel*)?**

- a) Para converter numerosos sinais analóxicos en dixitais en paralelo.
- b) Para distribuír alimentación a todos os equipos dunha instalación.
- c) Para facilitar o encamiñamento de entradas e saídas de sinal.
- d) Para controlar remotamente o software de control da instalación.

**39.- Que información proporciona un histograma?**

- a) Os niveis dun determinado sinal de audio analóxico.
- b) A densidade de información para cada unha das intensidades nunha imaxe.
- c) Unicamente información sobre a luminancia dunha imaxe.
- d) Exactamente a mesma ca un monitor de forma de onda.

**40.- Que tipo de conectores adoitan empregarse nos *patch panels* de audio en estudos profesionais?**

- a) XLR
- b) RCA
- c) Jack Bantam
- d) Jack

**41.- Que vantaxe ten o uso de PoE nas cámaras dixitais?**

- a) Elimina a necesidade de usar o zoom analóxico.
- b) Permite alimentar e transmitir polo mesmo cable.
- c) Permite aumentar o largo de banda.
- d) Non presenta ningunha vantaxe.

**42.- Nun histograma estándar de luminancia, que indica un pico moi alto na parte dereita do gráfico?**

- a) Subexposición xeral da escena.
- b) Sobreexposición dunha zona da imaxe con áreas queimadas.
- c) Ausencia total de contraste.
- d) Unha imaxe perfectamente exposta.

**43.- ¿Por que un picómetro (PPM) mide dun xeito máis preciso que un vúmetro os picos do sinal?**

- a) Porque ten un menor tempo de ataque.
- b) Porque ten un maior tempo de ataque.
- c) Non é certo que o picómetro mida dun xeito máis preciso os picos do sinal.
- d) Porque o picómetro está máis pensado para o seu uso con sinais continuas, como tons.

**44.- Que ocorre se se emprega un obxectivo deseñado para un sensor APS-C sobre un sensor full frame?**

- a) Prodúcese un viñeteo da imaxe.
- b) A imaxe vólvese máis luminosa.
- c) A resolución aumenta automaticamente.
- d) A cámara cambia a modo branco e negro.

**45.- Entre outras, que vantaxes ofrece o formato de compresión H.265 (HEVC) fronte ao H.264 (AVC)?**

- a) Aproximadamente un 50% menor bitrate para a mesma calidade percibida.
- b) Aproximadamente un 25% maior bitrate para a mesma calidade percibida.
- c) Aproximadamente un 10% maior calidade percibida empregando o mesmo bitrate.
- d) Aproximadamente un 75% menor bitrate para a mesma calidade percibida.

**46.- Cal das seguintes afirmacións sobre o contedor e o códec é correcta?**

- a) Se dous arquivos teñen extensión .mp4, necesariamente comparten o mesmo códec de vídeo.
- b) Un contedor pode ser compatible con distintos códec.
- c) Un mesmo contedor sempre terá que usar un determinado códec para vídeo e outro para audio.
- d) O contedor é totalmente independente do códec. Calquera códec pode empregarse con calquera contedor.

**47.- Que implicación ten para a compatibilidade de importación/exportación en edición o feito de que AVI e MOV sexan contedores multipropósito?**

- a) Que calquera software pode abrílos sempre co mesmo rendemento.
- b) Que o software debe comprobar non só a extensión, senón tamén o códec interno.
- c) Que a extensión define sempre o códec que se emprega.
- d) Que nunca poden conter audio e vídeo no mesmo ficheiro.

**48.- Cal das seguintes afirmacións é certa para o contedor Matroska (MKV)?**

- a) É un formato propietario ligado a un único reprodutor.
- b) É un contedor estándar aberto, capaz de incluír vídeo, audio, imaxes e texto.
- c) É un contedor estándar aberto, capaz de incluír só vídeo e audio,
- d) É un contedor antigo que non soporta códecs modernos como H.265 (HEVC).

**49.- Cal é o sistema de arquivos predeterminado para os sistemas operativos Windows?**

- a) FAT32
- b) exFAT
- c) NTFS
- d) ReFS

**50.- Cal dos seguintes códec está destinado á compresión de vídeo sen perda (*lossless*)?**

- a) H.264 (AVC)
- b) H.265 (HEVC)
- c) FFV1
- d) MPEG-4

**51.- Que significa interoperabilidade en formatos de vídeo?**

- a) Que o formato só permite operar nun sistema operativo.
- b) Que o formato pode ser lido e editado en múltiples sistemas e programas.
- c) Que o formato só serve para exportación nun determinado sistema e programa.
- d) Que o formato é propietario e non permite a edición en diferentes sistemas e programas.



**52.- O códec DNxHD 220 é un codec con perda (lossy) ou sen perda (lossless)?**

- a) É un códec completamente lossless, creado para a edición dixital HD sen perda.
- b) É un códec con perda pero visualmente sen perda (visually lossless).
- c) É un códec con perda (*lossy*) cun *bitrate* moi baixo e pensado para vídeos de baixa resolución.
- d) É un códec con perda (*lossy*) cun nivel de compresión superior ao do H.265 (HEVC).

**53.- Que fai unha porta de ruído ou *noise gate*?**

- a) Eliminar sinais cuxa intensidade non supere un certo valor.
- b) Comprimir o sinal para así eliminar o ruído.
- c) Producir unha saturación do son facéndoo máis agresivo e potente.
- d) Producir unha reverberación de xeito que o ruído desapareza.

**54.- Para que serve un arquivo proxy nun fluxo de traballo de edición?**

- a) Para substituír de forma definitiva ao orixinal na exportación final.
- b) Para permitir editar en baixa resolución mantendo o orixinal para a saída final.
- c) Os proxys non poden usarse nun fluxo de traballo de edición, só se usan no proceso de gravación.
- d) Para permitir editar nunha maior resolución conseguindo así captar mellor os detalles.

**55.- Que significa, de forma xeral, edición *offline* nun fluxo de traballo non lineal?**

- a) Que a montaxe non conta co audio definitivo ata que se converte en *online*.
- b) Que os datos se atopan no disco duro do equipo e non nun servidor externo.
- c) Que o vídeo se grava previamente, fronte ao online que se fai en tempo real.
- d) Que a edición se fai sobre clips capturados nunha resolución ou calidade menor que a final.

**56.- Que é o conformado (*conform*) dun proxecto?**

- a) Pasar o proxecto da súa versión offline a online.
- b) Determinar as características que vai ter o proxecto antes de comezar a traballar nel.
- c) Sincronizar correctamente os tempos entre o audio e o vídeo.
- d) Cargar nun proxecto todos os clips sobre os que se vai facer a edición.

**57.- Cal das seguintes é unha estratexia válida para saltar o eixo de acción sen desorientar ao espectador?**

- a) Facer o cambio de plano a través dun fundido.
- b) Situar unha toma intermedia sobre o mesmo eixo.
- c) Manterse sempre dentro dos límites establecidos pola lei do semicírculo.
- d) Intercalar un plano xeral da escena.

**58.- En montaxe, en que consiste un encadeado?**

- a) En bloquear una parte da montaxe para evitar modificala por erro.
- b) Esvaecer a imaxe ata deixar a pantalla nunha soa cor ou o proceso inverso.
- c) Substituír unha imaxe por outra mediante unha silueta xeométrica.
- d) Substituír paulatinamente unha imaxe por outra.

**59.- Como inflúe a escala de tamaño dos planos no ritmo nunha obra audiovisual?**

- a) Nun plano xeral o espectador precisa máis tempo para captar toda a información.
- b) A escala de tamaño dun plano non afecta ao ritmo.
- c) Xeralmente, os planos curtos tenden a durar máis que os xerais, xa que lle permiten ao espectador captar mellor a tensión dramática.
- d) O paso dun plano curto a un longo sempre produce unha sensación de aceleración dos acontecementos.

**60.- Un son diexético nunha obra audiovisual é aquel que:**

- a) Procede dunha fonte externa á escena como a voz en off dun narrador.
- b) Axuda a marcar o ritmo audiovisual como a música que acompaña unha escena de acción.
- c) Se mantén sempre de fondo sen tomar nunca unha posición preponderante sobre os demais sons.
- d) Procede dunha fonte que está dentro da escena como a voz dos personaxes ou a música que o espectador ve interpretar.

## **PREGUNTAS DE RESERVA**

**(CONTESTAR NA FOLLA DE RESPONSTAS DO NÚMERO 141 AO 144)**

**R1.- Segundo o artigo 97 do Convenio Colectivo da CSAG, a empresa contará cun servizo de prevención propio coas especialidades, como mínimo de:**

- a) Medicina do traballo e hixiene industrial, sen prexuízo da contratación allea.
- b) Hixiene industrial, sen prexuízo da contratación allea.
- c) Seguridade e hixiene industrial, sen prexuízo da contratación allea.
- d) Seguridade e ergonomía e psicosocioloxía, sen prexuízo da contratación allea.

**R2.- Nunha montaxe audiovisual, en que consiste a regra dos 30 graos?**

- a) En que dous planos consecutivos non poden ter unha diferenza de posición entre eles menor de 30 graos.
- b) En que o ángulo de cámara debe cambiar exactamente 30 graos entre planos consecutivos para evitar o *jump cut* en transicións de diálogo.
- c) En que o FOV dunha cámara non debe ser nunca superior a 30 graos nunha secuencia de ficción se se quere evitar o *jump cut*.
- d) En que a cámara debe rotar 30 graos sobre o seu eixe vertical entre planos para garantir transición fluída en secuencias de ficción.

**R3.- Segundo o SMPTE/EBU, que significa cada un dos números no seguinte código de tempo 00:00:00:00?**

- a) Horas:minutos:segundos:milisegundos.
- b) Horas:minutos:segundos:número de toma.
- c) Frames:horas:minutos:segundos.
- d) Horas:minutos:segundos:frames.

**R4.- Cando se observa unha imaxe con pouco contraste nun monitor de forma de onda, como adoita aparecer a traza de luminancia?**

- a) Comprimida nun rango estreito de niveis verticais.
- b) Distribuída uniformemente de arriba abaixo.
- c) Concentrada só na parte superior da pantalla.
- d) Oscilando aleatoriamente en toda a pantalla.